

MELLORA DE ACESOS AO CHUAC

CLAVE: AC/21/215.30.1

1. Obxecto da Actuación

O obxecto do presente proxecto é a mellora e complemento dos accesos ao Centro Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC), necesaria pola insuficiente capacidade e saturación dos accesos actuais en determinados momentos, e pola próxima actuación de ampliación do hospital que se realizará co actual CHUAC en servizo e coa premisa de que non se produzan afeccións ao servizo sanitario durante as obras.

Os novos viais permitirán o mantemento da explotación actual do hospital sen afección ao tráfico, así como acometer as obras sen ocupación dos viais actuais, independizando o tráfico actual do paso de maquinaria pesada de obra e transporte de subministros. Posteriormente, analizarase a conveniencia da posta en servizo do novo vial perimetral, en concordancia coas obras do edificio de ampliación do CHUAC.

2. Descrición da Actuación

Pártese do enlace existente para o acceso ao CHUAC sobre a AC-12, no que se mantén a tipoloxía de enlace actual, en trompeta; pero coa modificación do Paso Superior cun novo trazado para mellorar os movementos previstos na entrada ao CHUAC coa execución dunha glorieta de maior tamaño e un trazado mais suave para os viais, así como dun by-pass de acceso directo ao perímetro sen paso pola glorieta.

Executarase parcialmente o Vial perimetral ata a intersección co viario existente, na rúa Curramontes coa rúa Castaño de Eirís, con acceso ao aparcamento ou ao CHUAC polo viario existente. Para reducir a afección ás vivendas da Avenida da Pasaxe, este vial perimetral será elevado en estrutura, servindo así nun futuro como espazo para as instalacións do CHUAC.

Defínese tamén, un novo aparcamento provisional ao oeste da rúa Curramontes, pois o existente xunto á AC-12 demolerase para a construción do novo enlace de accesos e os seus ramais.

Realizarase a adecuación dos accesos ao Hospital San Rafael para a mellora e eliminación do trenzado na AC-12, e un acceso provisional de saída cara a AC-10 durante a fase de obras, con vial de baixada dende o Parque de Eirís ata o ramal de saída da AC-10 á glorieta de Casablanca.

3. Características técnicas

AC-12:

- Trazado en planta e alzado igual ao existente
- Velocidade de deseño no carril de acceso: 50 km/h

Viais de accesos ao CHUAC:

- Deseño segundo a Guía de estradas urbanas
- Velocidade de proxecto: 30 km/h. Radio mínimo= 34 metros. Sen curvas de transición.
- Inclinación mínima da rasante= 0.3 %; inclinación máxima da rasante= 7 % (excepcional 13%). Existen ramplas pre-existentes con valores superiores ao excepcional, que non poden ser rectificadas pola existencia de accesos a edificacións ou servizos existentes.

Seccións de firme:

Novos viais:

- Rodadura: 3 cm de mestura bituminosa en quente (MBQ) tipo BBTM11A surf PMB 45/80-60 (F-10)
- Rego de adherencia C60BP3 TER.
- Intermedia: 8 cm de MBQ tipo AC-22 bin BC50/70 S (S-20).
- Rego de adherencia C60BP3 TER.
- Base: 14 cm MBQ tipo AC-32 base BC50/70 G (G-25) en 2 capas, con rego de adherencia entre elas.
- Rego de imprimación C60BF4 IMP.
- Subbase: 25 cm de espesor de saburra artificial.
- Explanada E2 (Ev2>120 MPa).

Regularización firme existente:

- Rodadura: 3cm de MBQ tipo BBTM11A surf PMB 45/80-60 (F-10)
- Rego de adherencia C60BP3 ADH TER.

- Intermedia en regularización: 5 cm de MBQ tipo AC-22 bin 50/70 S (S-20)
- Sobre a capa de base aplicarse un rego de adherencia a base de emulsión modificada termoadherente cunha dotación de 1,0 Kg.

Estruturas:

Muros:

MUROS EN MEJORA DE ACCESOS									
Muro	Eje	PK inicial	PK final	Margen	Tipo Estructura	Longitud (m)	Hmax	Superficie	Observaciones
M-1	15	0+128	0+286.8	MI	Muro contención terraplen	158.8	9.69	172.96	Reducción afectación a Hospital San Rafael. Micropilotoado
M-2	15	0+480	0+660	MD	Muro contención desmonte	180	12.50	1395.7	Desmonte en roca. Precisa recrecido hasta vial a anillo para su contención
M-3	12	0+010	0+030	MD	Muro hormigón	20	6.19	114.1	Coordinación con bajada a parking a urgencias
M-4	12	0+300	0+370	MI	Muro escollera	67.25	12.36	553.23	Provisional. Se recrecerá con trazado definitivo de vial del PIA
M-5	30	0+080	0+190	MI	Muro escollera	110	2.70	328.48	Provisional para reducir ocupación en parque Eiris
Aleta PI	14	0+070	0+125	MD	Muro hormigón	55	5.00	273.02	Continuidad hasta paso inferior
Aleta PI	14	0+138	0+185	MD	Muro hormigón	47	7.94	303.55	Continuidad con paso inferior

Otras estruturas:

ESTRUCTURAS EN MEJORA DE ACCESOS								
Designación	Eje	PK inicial	PK final	Tipo Estructura	Longitud (m)	Vanos	Ancho sección (m)	Observaciones
Nuevo PS sobre AC-12	13	0+128	0+286.8	Paso superior	158.8	8	12.20 0.6+2.0+4.0+4.0+1.0+0.6	Paso sobre AC-12. Tablero mixto.
E-1	15	0+410	0+460	Puente	50.0	3	7.70 0.6+1.0+4.0+1.5+0.6	Puente mixto sobre acceso actual
E-2	12	0+030	0+142.5	Puente	112.5	5x22.5	8.10 0.6+1.0+4.0+0.50+2.0	Conecta con E-4
E-3	14	0+185	0+252.5	Viaducto	67.25	3x22.5	7.20 0.6+1.0+4.0+1.0+0.6	Conecta con E-4
E-4	12	0+142.5	0+300	Viaducto	157.5	7x22.5	10.60 0.6+1.0+3.5+3.5+2.0+0.6	Viaducto de anillo perimetral
Paso Inferior	14	0+070	0+125	Paso Inferior	55.0	-	7.60 0.6+1.0+4.0+1.0+0.6	Paso bajo glorieta

Estruturas a demoler:

ESTRUCTURAS EXISTENTES								
Designación	Eje	PK inicial	PK final	Tipo Estructura	Longitud (m)	Vanos	Ancho sección (m)	Observaciones
PS sobre AC-12	3	0+138	0+300	Paso superior	162	8	11.60 0.6+1.2+4.0+4.0+1.2+0.6	Paso a demoler

Ademais, precisarase da demolición de múltiples pequenas estruturas de contención existentes nas parcelas do ámbito, especialmente as escaleiras e muros entre a AC-12 o aparcamento do hotel de pacientes, e do muro pantalla de micropilotes na contención do borde do aparcamento do hotel de pacientes, construído coa reposición da liña de abastecemento.

4. Poboación Servida

O CHUAC da servizo á Área Sanitaria da Coruña e Cee, nun área que abarca dende Miño a Sobrado dos Monxes e toda a Costa da Morte hasta Cee.

A Coruña: 245.468 hab.

Área metropolitana AC-12 (Culleredo, Cambre, Oleiros e Sada): 104.600 hab.

Área metropolitana AP-9 e A-6 (Bergondo, Miño, Betanzos, Oza, Curtis...): 44.200 hab.

Área metropolitana N-550 (Zona Santiago): 15.600 hab.

Periféricos AG-55 (Arteixo, Carballo e Costa da Morte): 137.500 hab.

TOTAL: 547.368 hab.

5. Concellos Afectados

A Coruña

6. Expropiacións

Parcelas afectadas: 15 en pleno dominio. A superficie de expropiación definitiva é de 6.385 m².

Ocupación temporal: 1.110 m²

Expropiacións e bens afectados: 177.341 €.-

Premio afección 5%: 8.867 €.-

Total expropiacións e indemnizacións: 186.208 €.-

7. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de VINTE E CATRO (24) meses.

8. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE): 24.046.928,62 €.-

Expropiacións e indemnizacións: 186.208 €.-



Control e vixilancia da obra: 606.225,09 €.-

Orzamento para coñecemento da administración: 24.839.361,71 €.


Infografías:




Planos:




Secciones tipo viais




SECCION ANILLO PERIMETRAL CON MURO
ESCALA 1:75



SECCION ANILLO PERIMETRAL EN DESMORTE CON MURO
ESCALA 1:75




SECCION ANILLO PERIMETRAL EN TERRAPLEN
ESCALA 1:75




SECCION CONEXION PROVISIONAL A AC-10
ESCALA 1:75


Seccións tipo estruturas




SECCION PS SOBRE AC-12
ESCALA 1:75




SECCION PUENTE E-1 SOBRE ACCESO ACTUAL
ESCALA 1:75




SECCION PASO BAJO GLORIETA
ESCALA 1:75



SECCION PUENTE E-2 DE GLORIETA A URGENCIAS
ESCALA 1:75



SECCION PUENTE E-3 DE PASO BAJO GLORIETA A URGENCIAS
ESCALA 1:75



VIADUCTO E-4 ANILLO PERIMETRAL
ESCALA 1:75